



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Cidrás Pidre, José
 Corbacho Suso, Patricia
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fandiño Alonso, Xaime
 Fernández Álvarez, Antón
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Ameijide, Luis Miguel
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 Girón Vélez, Belén
 González Piñeiro, Luis
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Lago Teijeiro, Xan
 Ledo Díaz, Olaia
 Legido Soto, José Luis
 Martínez Cobas, Xavier
 Mato De La Iglesia, Salustiano
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Pita Grandal, Ana M^a
 Pousada Carballo, José M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rial Otero, Ángel
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Suris Regueiro, Juan
 Troncoso Durán, Dolores
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Viso Alonso, Augusto
DESCULPAN ASISTENCIA:
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Rey García, Daniel

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 11 de maio de dous mil catro, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O martes, día 11 de maio de 2004, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 18 de marzo de 2004.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, do calendario escolar para o curso 2004/2005.
4. Aprobación, se procede, da normativa reguladora do concurso de acceso entre habilitados.
5. Concurso de profesorado contratado para o curso 2004/05.
6. Renovación, se procede, do acordo de transformación de profesores PP1 en asociados T2TC para o curso 2004/05.
7. Aprobación, se procede, do programa de concesión de anos sabáticos para o curso 2004/05.
8. Aprobación, se procede, do título propio de estudos superiores de Deseño Téxtil e Moda.
9. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Máster en xestión e dirección financeira de empresas – Especialista en Seguridade Alimentaria – Especialista en Biotecnoloxía Alimentaria – Especialista en Nutrición Clínica – Especialista en Dietética e Dietoterapia.
10. Aprobación, se procede, da interpretación e desenvolvemento do establecido no punto 6.1 da Normativa de permanencia da Universidade de Vigo.
11. Aprobación, se procede, da Normativa de estudantes visitantes estranxeiros.
12. Aprobación, se procede, da modificación puntual da RPT do persoal funcionario de administración e servizos.
13. Toma de acordo ante o recurso presentado por D. Javier Montalvo sobre acordos da Xunta de Facultade de Bioloxía.
14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo de adhesión o convenio inteuniversitario para a realización dun doutoramento en ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases - Convenios marco e específico de colaboración entre a Universidade Colima (México) e a Universidade de Vigo - Convenio específico de colaboración entre a Universidade Nacional de General Sarmiento (Arxentina) e a Universidade de Vigo - Convenio marco de colaboración entre a Universidade Maimonides (Arxentina) e a Universidade de Vigo - Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Málaga

e a Universidade de Vigo - Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo.

15. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno:

- Comisión de Investigación: 1 PDI, 2 estudantes, 1 representante do Consello Social.
- Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 PDI, 2 estudantes, 1 representante do Consello Social.
- Comisión de Organización académica e Profesorado: 2 estudantes, 1 representante do Consello Social.
- Comisión de Extensión universitaria e estudantes: 3 PDI, 2 estudantes, 1 representante do Consello Social.

16. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 18 de marzo de 2004.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Informe do Reitor.

O Reitor informa do seguinte:

- En relación coa organización do novo goberno di que hai dous ministerios claves para a universidade: o de Educación e Ciencia e o de Industria, Comercio e Turismo. Parece que todo o relacionado con investigación e non ligado a empresas vai estar no Ministerio de Educación e Ciencia e dependerá do Secretario Xeral de política científica e tecnolóxica. Neste mesmo ministerio está nomeado xa o Secretario de Estado pero aínda falta por nomear aos Directores Xerais.

- Na última reunión da CRUE en Alicante estivo presente o novo Secretario de Estado e informou de que o máis urxente é tocar dous ou tres aspectos da LOU, en particular:

- A selectividade.
- O proceso de habilitación do profesorado.
- Algo relacionado coa ANECA aínda que non está claro en que sentido vai variar.

Como consecuencia destes cambios ralentizouse un pouco o proceso de elaboración dos regulamentos pendentes polas comisións do Claustro.

- En relación con as solicitudes dos complementos retributivos informa do seguinte:

- É necesario facer a solicitude individual.
- A certificación de estar integrado no cadro de persoal será tramitada conxuntamente pola Universidade de Vigo.
- As solicitudes poden presentarse nos rexistros da universidade e a compulsa do DNI pode facela o funcionario do rexistro.
- En relación cos Anexos II-A e II-B, formalmente é necesario que non vaian en branco aínda que é suficiente con cubrilos con dúas frases cortas.

- En relación co financiamento informa de que a Universidade da Coruña vai pasar por Consello de Goberno un documento semellante ao aprobado polo Claustro da Universidade de Vigo, e cre que coa Universidade de Santiago non haberá moitos problemas aínda que nestes momentos está preocupada por outros motivos. Considera que por parte da xunta se está empezando a modificar o discurso do Conselleiro en sentido positivo pois xa é consciente de que o SUG ten algúns problemas de desfase que haberá que corrixir.

- Informa das altas e baixas en Consello de Goberno:

Baixa de D. Eusebio Corbacho Rosas polo sector de Decanos/Directores, por deixar de ser Director de Departamento.

Incorporación de tres novos membros en representación do Consello Social:

Dona Belén Girón Vélez
Don Guillermo Antonio Meijón Couselo
Don Lois Pérez Castrillo

- Así mesmo informa de que están invitados a asistir con voz pero sen voto:

O alumno da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais D. Pablo J. Cebal Loureda, ao pto.3.
D. David Basalo domínguez, en representación da Xunta de PAS funcionario ao punto 12.

O profesor D. Javier Montalvo e o Decano da Facultade de Bioloxía D. Pedro Pablo Gallego ao punto 13.

- Do cese de D. Ignacio Munilla Rumbao como Director de Área.

A continuación ábrese unha quenda de intervencións por se algún membro do Consello de Goberno necesita algunha aclaración sobre o informe.

Intervén o profesor Membiela e di que o tema dos complementos está xerando algún problema cos profesores contratados, xa que aínda que o Decreto 55/2004 do 4 de marzo deixa unha porta aberta, a Resolución pola que se aproba a convocatoria soamente fai referencia ao profesorado funcionario. Propón que a Universidade de Vigo envíe tamén unha relación dos contratados a tempo completo e con título de Doutor, xa que ao mellor poden acollerse aos complementos pola labor investigadora.

O reitor di que a Universidade de Vigo pode achegar a ACSUG una certificación, facendo relación ao Decreto 55/2004, da relación de profesores doutores contratados a tempo completo, aínda que iso non significa que a universidade estea sumándose a unha reivindicación senón que da toda a información da que dispón.

Punto 3.- Aprobación, se procede, do calendario escolar para o curso 2004/2005.

A Secretaria Xeral informa da proposta do calendario escolar para o curso 2004-2005 sinalando as principais modificacións en relación co de anos anteriores e que son:

- Concentrar os exames de decembro na semana do 16 ao 23 de decembro.
- Suspender a actividade docente dende o día 16 de decembro.
- Adiantar a data de entrega das actas de fin de carreira ao día 22 de decembro.

O Reitor di que a proposta trata de mellorar o rendemento académico dos estudantes e recolle suxestións chegadas dende moitos centros xa hai tempo. Así mesmo, se dende algún centro se produce algún problema o Director ou Decano está en condicións de expoñelo. O que se trata e de minimizar o impacto do calendario de exames sobre a asistencia a clase.

Ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén o Señor Cebral Loureda en representación dunha serie de estudantes da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais, E.T.S. de Enxeñería de Minas, E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e Facultade de Química, que non están de acordo coa proposta de calendario. Di que tanto profesores como alumnos de moitos centros non tiñan coñecemento deste cambio e que lle parece unha decisión precipitada xa que hai centros nos que é materialmente imposible concentrar todos os exames de decembro en 7 días hábiles. Sinala que esta convocatoria é a que ten unha porcentaxe maior de éxitos sobre os presentados e o feito de estar tan concentrados impide que un estudante se poida presentar a tres materias (ou 30 créditos).

O Reitor di que non é unha decisión precipitada xa que hai anos que se leva falando deste tema. Sobre a organización dos exames pide que sexan os equipos directivos dos centros os que indiquen se isto é ou non posible.

Así mesmo sinala que a taxa de éxito é maior porque normalmente os estudantes matricúlase dunha materia ou como máximo de dúas.

A Señora Corbacho Suso propón comezar os exames do primeiro cuadrimestre o 31 de xaneiro en lugar do día 1 de febreiro. Di que hai moitos alumnos que establecen o calendario de exames a nivel global e o distribúen entre as tres convocatorias, polo que o feito de modificar agora o calendario alteraríalles a súa planificación e por ese motivo propón pospoñelo para o próximo ano.

O profesor González Piñeiro, Director da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais, di que el non tiña noticia desta proposta ata recibir a convocatoria. Indica que no seu centro probablemente teña dificultades e, aínda que a medida non lle parece mala, considera que o primeiro cuadrimestre queda un pouco escaso sobre todo para distribuír as prácticas, xa que non chega ás 15 semanas. Así mesmo propón ampliar a data de exames do segundo cuadrimestre ata o día 9 de xullo e atrasar a data de entrega das actas ata o día 20 de xullo.

O Señor Lago Teixeira di que lle gustaría que figurase por escrito no calendario a posibilidade de que os centros poidan pedir ampliación das datas se é necesario.

O Reitor insiste en que se trata de facer un cambio e non ten sentido facer unha norma para indicar a continuación que os centros poden saltarse esa norma, considera que os centros que teñan algunha dificultade xa o farán saber polos medios que consideren apropiados.

O Señor Gálvez Ameijide comparte a opinión do seu compañeiro Cebal e reitera a falta de información sobre este tema por parte do alumnado e dos centros. Considera que é unha medida precipitada, que o número de exames por día pode ser esaxerado e que non se debe esquecer que os estudantes son os afectados e son a maioría na universidade, aínda que neste Consello de Goberno non sexan maioría. Opina que deberían ter sido consultados previamente os Decanos e Directores dos centros.

O Reitor di que se trata de conxugar os intereses dos educandos cos dos examinandos e que a maioría dos estudantes non están nos que se examinan en decembro, xa que esta é unha minoría, e o que temos que intentar é que o impacto sobre esta minoría sexa o menor posible.

O profesor Domínguez comparte a filosofía que está detrás de isto e agradece que se permitan excepcionalidades. Propón aumentar a data de exames a dúas semanas e rematar o curso o 15 de xuño.

O profesor Barreiro está de acordo coa proposta do Decano de Filoloxía, di que non é fácil de resolver o problema dos exames de decembro xa que probablemente habería moitas excepcionalidades e haberá alumnos aos que lles coincidan dous exames no mesmo día. Está de acordo coa filosofía pero parécelle difícil de levar á práctica. Propón ampliar o prazo de entrega das actas do primeiro cuadrimestre ata o 4 de marzo e de fin de carreira ata o 27 de decembro.

A Señora Ledo Díaz di que os estudantes de ciencias teñen preocupación por esta concentración de exames aínda que si son conscientes de que se prexudica a docencia. Suxire que na proposta do profesor Domínguez se recupere esa semana a maiores sen clase co comezo 3 días antes en setembro e rematar 3 días despois en xuño.

O profesor Gálvez di que con este cambio o que se intenta e beneficiar á maioría. Está de acordo co profesor Barreiro coa ampliación da data de entrega das actas da convocatoria de febreiro.

O señor Cebal di que os cambios lle parecen positivos pero este en concreto non. Propón un cambio de verdade que é anular a convocatoria de decembro e deixar as de febreiro, xuño e setembro e que o estudante poida elixir.

O Reitor di que se suma a esta proposta xa que así evítase o problema de raíz. Propón ir por este camiño e, se é necesario, convocar un Consello de Goberno extraordinario para a vindeira semana para que aos membros do Consello de Goberno lles dea tempo de estudar esta proposta.

O Señor Rial Otero di que lle parece un pouco precipitado que se propoña un cambio tan importante en tan pouco tempo, xa que considera que debería ser obxecto dun debate máis amplo. Considera que neste momento non está capacitado para dar unha opinión en nome dos alumnos sobre unha proposta feita por un estudante que non é representante de nada. Remata para dicir que está de acordo coa proposta do profesor Domínguez.

O Reitor di que a intervención do Señor Rial Otero é oportuna xa que é un asunto para debater de xeito máis amplo e quizais se podería estudar para incluír no Regulamento de exames que ten que facer o Claustro. Remata facendo a proposta de que se manteña unha semana para os

exames e na que se suspenderán as clases e que os centros poderán solicitar motivadamente diante da Secretaría Xeral o adianto dalgunhas datas de exame a semana anterior, pero sen suspensión de clases, por motivos de organización interna.

A Señora Corbacho apoia a proposta do Señor Cebral e que no Regulamento de exames se elabore unha proposta alternativa nese sentido, por ese motivo propón que para o curso que ven se manteña o calendario similar ao dos últimos anos.

Realízase a votación:

Votos a favor da proposta do Reitor	25
Votos a favor da proposta da Sra. Corbacho	3
Abstencións	3

Queda aprobada a proposta do Reitor.

O profesor González Piñeiro quere que conste en acta que o seu voto en contra é porque no primeiro cuatrimestre non quedan 15 semanas completas.

Apróbase o calendario escolar para o curso 2004-2005 coas suxestións das modificacións feitas pola Señora Corbacho e polos profesores González Piñeiro e Barreiro. (Anexo I).

O Señor Cebral agradece ao Consello de Goberno o permitirlle intervir.

Punto 4.- Aprobación, se procede, da normativa reguladora do concurso de acceso entre habilitados.

A Vicerreitora de organización académica e profesorado explica os motivos que levaron a facer unha serie de propostas fóra do Regulamento de Profesorado.

Indica que a normativa que se presenta foi elaborada pola comisión do Claustro encargada de elaborar o Regulamento de profesorado e remitida á COAP que a informou favorablemente. Di que esta normativa tería un carácter provisional mentres existe o actual proceso de habilitación.

A profesora Pita pregunta se esta proba non limita as posibilidades de valoración da adecuación, no aspecto docente, do habilitado a esta universidade.

A Vicerreitora di que o posible candidato xa presentou un proxecto docente a xa pasou 3 exames para habilitarse e que o sentido de exposición oral que se propón é de adecuar á Universidade de Vigo un candidato que xa está habilitado.

O Vicerreitor de investigación di que no procedemento proposto o tribunal dispón de medios suficientes como para deducir no debate co candidato a adecuación a que se refire a profesora Pita.

Hai varias intervencións sobre este aspecto dos profesores Antón Fernández, Ana Pita, Ramos Cabrer, Membiela e Domínguez.

Rematado o debate o Reitor propón aprobar a normativa por asentimento.

Apróbase por asentimento (Anexo II).

Punto 5.- Concurso de profesorado contratado para o curso 2004/05.

A Vicerreitora de organización académica e profesorado indica que o segundo tema prioritario para a comisión do Claustro encargada de elaborar o Regulamento de profesorado era o relativo ás prazas de profesor contratado que recolle a LOU, polo que elaborou unha proposta para iniciar o proceso de saída a concurso de figuras da LOU, esta proposta foi informada favorablemente pola COAP e, se isto se aproba así, o concurso de profesorado contratado quedaría delegado na COAP.

A profesora Pita Grandal pregunta sobre a figura de profesor visitante que aparece na proposta.

A Vicerreitora di que esta se refire só aos de nova contratación e non afectaría aos xa existentes.

O profesor Fandiño pregunta que vai pasar cos axudantes de segunda etapa que lles remata o contrato.

A Vicerreitora di que dos 3 que hai soamente a un lle remata o contrato e a proposta é prorrogarlllo ata o remate do curso.

Apróbase por asentimento a proposta presentada (Anexo III).

Punto 6.- Renovación, se procede, do acordo de transformación de profesores PP1 en asociados T2TC para o curso 2004/05.

Apróbase por asentimento (Anexo IV).

Punto 7.- Aprobación, se procede, do programa de concesión de anos sabáticos para o curso 2004/05.

A Vicerreitora informa sobre a proposta presentada e informada favorablemente pola COAP.

Apróbase por asentimento (Anexo V).

Punto 8.- Aprobación, se procede, do título propio de estudos superiores de Deseño Téxtil e Moda.

O Vicerreitor informa sobre os cambios en relación coa proposta presentada.

O profesor Ramos pregunta que aportan as dúas entidades que aparecen na documentación e que non aportan cartos.

O Vicerreitor di que coa Asociación Téxtil de Galicia firmarase un convenio para que colabore nas prácticas e a Federación de AA. VV “Castelao” de Pontevedra foi a potenciadora inicial da proposta da titulación.

Apróbase por asentimento o título propio de Deseño téxtil e moda (Anexo VI).

Punto 9.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Máster en xestión e dirección financeira de empresas – Especialista en Seguridade Alimentaria – Especialista en Biotecnoloxía Alimentaria – Especialista en Nutrición Clínica – Especialista en Dietética e Dietoterapia.

Apróbanse por asentimento.

Punto 10.- Aprobación, se procede, da interpretación e desenvolvemento do establecido no punto 6.1 da Normativa de permanencia da Universidade de Vigo.

A Vicerreitora de organización académica e profesorado explica as razóns da proposta que está informada favorablemente pola COAP.

O profesor Sánchez Bello lembra o compromiso para a modificación da normativa que leva atraso e se sigue traballando con modificacións puntuais. Indica que a redacción proposta para o apartado 6.1 non está clara.

O Señor Gálvez Ameijide propón substituír este 1º parágrafo por: “para as materias do último curso da titulación ou para a última materia da carreira (excluído o proxecto fin de carreira) o estudante poderá solicitalo unha vez consumidas 4 ou máis convocatorias”, e deixar o 2º parágrafo igual que na proposta.

Apróbase por asentimento a proposta (Anexo VII).

Punto 11.- Aprobación, se procede, da Normativa de estudantes visitantes estranxeiros.

O Vicerreitor de relacións internacionais informa sobre a Normativa proposta e as correccións.

O profesor Ramos propón que a admisión se faga trala aceptación dos centros en lugar dos directores ou decanos como figura no texto.

Apróbase por asentimento con esa modificación (Anexo VIII).

Punto 12.- Aprobación, se procede, da modificación puntual da RPT do persoal funcionario de administración e servizos.

O Xerente informa de que urxe a creación de dous novos postos de xefes de negociado para as novas Facultades de Bioloxía e Química. O Xefe de negociado que xa existía pediu a adscrición á Facultade de Ciencias do Mar.

O Señor Basalo intervén en representación da Xunta de PAS funcionario e manifesta o agradecemento ao Reitor pola rápida contestación de negociación trala solicitude da Xunta de Persoal.

Di que non se opón a esta modificación puntual da RPT pero consideran que a Xerencia debe tratar antes coa Xunta de Persoal calquera modificación que se presente.

Apróbase por asentimento.

Punto 13.- Toma de acordo ante o recurso presentado por D. Javier Montalvo sobre acordos da Xunta de Facultade de Bioloxía.

O profesor Montalvo expón as razóns nas que se basea o seu recurso e os motivos que lle levaron a presentalo e roga que conste en acta o escrito que presenta (vease Anexo IX).

O Reitor di que cando se presenta unha reclamación individual contra un órgano colexiado, os membros do Consello de Goberno normalmente se axustan ao informe presentado pola Asesoría Xurídica e neste caso, á vista do devandito informe, non quedan moitas dúbidas sobre o tema.

O profesor Montalvo di que a súa posición non é individual xa que o 50% dos alumnos se manifestaron en contra da proposta da Xunta de Facultade.

O Reitor di que o órgano colexiado legal para decidir sobre ese tema é a Xunta de Centro e neste Consello de Goberno só se trata de valorar o recurso e non pode entrar no tema de fondo.

Despois de varias intervencións do Señor Gálvez Ameijide, do profesor Montalvo, da Señora Olaia Ledo e do Reitor, este propón facer unha votación nos termos seguintes:

- | | |
|--|----|
| - Votos a favor de validar os acordos da Xunta de Centro | 17 |
| - Votos a favor do recurso | 0 |
| - Abstencións | 5 |

Queda rexeitado o recurso presentado polo profesor Montalvo.

Punto 14.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo de adhesión o convenio inteuniversitario para a realización dun doutoramento en ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases - Convenios marco e específico de colaboración entre a Universidade Colima (México) e a Universidade de Vigo - Convenio específico de colaboración entre a Universidade Nacional de General Sarmiento (Arxentina) e a Universidade de Vigo - Convenio marco de colaboración entre a Universidade Maimonides (Arxentina) e a Universidade de Vigo - Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Málaga e a Universidade de Vigo - Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo.

Apróbanse por asentimento todos os convenios agás o Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo sobre o que hai varias intervencións.

O profesor Sánchez Bello indica que ao principio ía ser un convenio entre a Consellería e as tres universidades, pero cando chegou o momento de establecer a correspondencia entre ciclos formativos de grao superior de Formación Profesional específica e materias dos estudos da Diplomatura de Empresariais soamente se adheriron os dous centros da Universidade de Vigo. Así mesmo os criterios de validación dos dous centros non foron os mesmos e el considera que debería haber máis unificación nos mesmos.

A Vicerreitora di que o primeiro borrador era entre a Consellería e as 3 universidades peros despois optouse por establecer un convenio con cada universidade por separado. A Universidade da Coruña desmarcouse pero a de Santiago si está interesada no mesmo. Di que no Anexo figuran as correspondencias pero que despois é competencia do centro correspondente establecer que materias serían validadas e, neste caso, a E.U. de Estudos Empresariais de Vigo foi máis esixente que o centro de Ourense.

O Reitor di que o que se propón aprobar neste Consello é o convenio a nivel macro e non o relativo ás validacións xa que este sería un tema a desenvolver despois e, de acordo co sinalado polo profesor Sánchez Bello, sería bo que os dous centros se poñan de acordo neste tema.

Apróbase por asentimento o convenio co Anexo.

Punto 15.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno:

- Comisión de Investigación: 1 PDI, 2 estudantes, 1 representante do Consello Social.
- Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 PDI, 2 estudantes, 1 representante do Consello Social.
- Comisión de Organización académica e Profesorado: 2 estudantes, 1 representante do Consello Social.
- Comisión de Extensión universitaria e estudantes: 3 PDI, 2 estudantes, 1 representante do Consello Social.

Non é necesario facer votación xa que en ningún caso se presentaron máis candidatos que postos a cubrir.

Saen elixidos:

Comisión de Investigación:

Sector PDI: D. Juan Francisco Gálvez Gálvez
Representante do Consello Social: D. Lois Pérez Castrillo.

Comisión de Planificación e Asuntos Económicos:

Sector PDI: D. Juan C. Surís Regueiro
Representante do Consello Social: D. Lois Pérez Castrillo

Comisión de Organización Académica e Profesorado:

Representante do Consello Social: D. Guillermo A. Meijón Coucelo

Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes:

Sector PDI: D. Xaime Fandiño Alonso
 D. José Luis Legido Soto
 Dna. Dolores Troncoso Durán
 Representante do Consello Social: Dna. Belén Girón Vélez.

Quedan sen cubrir os dous postos dos estudantes en cada comisión.

Convocaranse estas eleccións unha vez se renoven os estudantes no Claustro e no Consello de Goberno.

Punto 16.-Rogos e preguntas.

O Señor Gálvez Ameijide pregunta ao Vicerreitor de Titulacións sobre un problema que afecta aos titulados nas Enxeñerías, xa que na Universidade de Vigo non se inclúe a nota do proxecto fin de carreira na media e no resto das universidades galegas si se inclúe, polo que quere saber se nesta universidade se está a facer algo para resolver esta diferenza.

O Vicerreitor di que se está facendo a consulta e que se revisará.

O Reitor di que se estudiará o que fan en outras universidades politécnicas e á vista diso ao mellor é preciso falar coas outras dúas universidades galegas.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:45 horas do día 11 de maio de 2004 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do Reitor

O Reitor

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe